

RESOLUCIÓN. Convocatoria de axudas para material escolar.

Visto a proposta de bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, así como o Informe de Secretaría-Intervención emitido ao efecto.

Visto o disposto nas bases de execución do orzamento para dito exercicio, así como, Lei 9/2007, de 13 xuño, de Subvencións de Galicia, Regulamento de Subvencións de Galicia, artigos 80 e 294 da Lei 5/2007, de 22 xullo, de Administración Local de Galicia e Lei 38/2003, de 17 novembro, Xeral de Subvencións.

De conformidade coa referida lexislación e as atribucións establecidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das bases do Réxime Local, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as bases da convocatoria para a concesión de axudas para material escolar, sendo as que a continuación se detallan.

Segundo. Efectuar convocatoria para a concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, así como autorizar o gasto, por importe de 8.000,00 euros, con cargo á partida 323.48100 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro. Publicar anuncio de convocatoria na base de datos nacional de subvencións e na páxina web municipal.

Cuarto. Dar traslado da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde, Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2024/2025.

ARTIGO 1.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública do Concello de Cabanas para a tramitación e concesión de axudas para o estudo nos niveis de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional, universidade ou centros de educación especial.

A finalidade da convocatoria é promover políticas de igualdade e de benestar social a través do ensino de calidade. Para elo preténdese prestar apoio ás familias cuxas circunstancias socioeconómicas dificulten facer fronte os custos derivados do estudo.

ARTIGO 2.- RÉXIME XURÍDICO



O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrência, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

ARTIGO 3.- FINANCIAMENTO

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 8.000 €. O financiamento destas axudas efectuaranse con cargo a partida 323.48100 dos orzamentos municipais do exercicio 2024.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran suficientes as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible. No caso de non ser posible a ampliación do crédito, seguirase un sistema de baremo que dea prioridade ás rendas máis baixas e ás familias de especial consideración, segundo a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

ARTIGO 4.- PROCEDEMENTO

O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrência competitiva.

Unha vez finalizado o prazo de solicitude, procederase a súa valoración pola comisión avaliadora, que estará formada polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

A comisión avaliadora procederá á comprobación do cumprimento e requisitos, á obtención dos datos necesarios e á revisión da documentación presentada na solicitude, podendo formalizarse requirimento de corrección se é o caso, concedendo un prazo de 5 días para que presenten a documentación requirida.

Unha vez completados os expedientes, a comisión de valoración procederá ás valoracións e formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal das persoas solicitantes para a concesión das axudas.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.



As axudas concedidas publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cabanas e na web municipal, cun prazo de 5 días dende a súa publicación para posibles alegacións.

Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas deberá ser posta en coñecemento do Concello de Cabanas e poderá dar lugar á modificación da resolución.

ARTIGO 5.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de material funxible (produtos de escritura, folios, cadernos...) e/ou material complementario para o estudo (libros, estoxos, mochilas, produtos informáticos...). Poderase requirir xustificación do fin educativo ou formativo do material para o que se solicite esta axuda no caso de que a comisión avaliadora así o considere.

No caso dos ciclos de Formación Profesional será subvencionable o vestiario e/ou material específico esixido polo centro educativo.

ARTIGO 6.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas nais, pais, persoas titoras ou familias acolledoras dunha ou varias persoas estudantes con idade igual ou inferior a 23 anos, coas características requiridas descritas a continuación:

- a. Ter persoas estudantes ao cargo con idade ou igual ou inferior a 23 anos e ter empadramento no Concello de Cabanas.
- b. A persoa estudante debe ter escolarización nos niveis de infantil, primaria ou secundaria dalgún dos centros educativos adscritos ao Concello de Cabanas (exceptuando aqueles casos nos que non exista praza e inspección determine o traslado a centros de outras localidades) ou cursando bacharelato, formación profesional nalgún centro público educativo de outros concellos, universidade ou centros de educación especial.
- c. Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Cabanas, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda da Comunidade Autónoma.
- d. Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e. Non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 8.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Cabanas:

- Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto nos conceptos sinalados no artigo 5 destas bases.
- Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coas facturas e/ou xustificantes orixinais correspondentes dentro do prazo establecido.



- As facturas e/ou xustificantes deberán estar expedidas ao nome da nai, pai, persoa titora, persoa acollidora ou persoa responsable, e os conceptos deberán aparecer suficientemente claros e descritos para a adecuada verificación da correspondencia cos conceptos subvencionables detallados no artigo 5.
- Someterse ás actuacións de control financeiro do Concello de Cabanas.
- Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

ARTIGO 7.- CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas para material funxible e/ou complementario para o estudo concederanse segundo o nivel educativo do alumnado nos importes que figuran a continuación:

- Educación infantil: Ata 100 €.
- Educación primaria: Ata 125 €.
- Educación secundaria e bacharelato: Ata 175 €.
- Formación profesional, universidade e centros de educación especial: Ata 200 €.

A contía das axudas por estudante farase efectiva mediante ingreso bancario unha vez avaliada a solicitude e xustificando o gasto a través da factura da compra de material funxible e/ou complementario para o estudo.

ARTIGO 8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Subvencionarase o 100% da contía establecida en base á valoración das solicitudes que se realizará en función dos ingresos da unidade familiar, tendo prioridade na concesión as persoas solicitantes coa menor capacidade económica segundo a súa renda per cápita.

As unidades familiares con renda per cápita que supere a cantidade de 11.000 € non terán dereito a ser beneficiarias das presentes axudas.

Unidade familiar: A efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada pola nai, pai, persoa titora, persoa acollidora ou persoa encargada da garda e protección da persoa estudante, así como as fillas e fillos, tendo tamén esta consideración os aportados á unidade familiar por algún membro da parella e que consten empadroados nese domicilio.

Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, da persoa titora, da persoa acollidora do neno/a, sempre que convivan no domicilio familiar.

A estes efectos, considérase o domicilio familiar das persoas estudantes beneficiarias o que figura no padrón de habitantes.

No caso de separación ou divorcio só poderá solicitar unha das persoas con responsabilidade legal (garda e custodia) da persoa estudante. Non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor (agás nos casos de custodia compartida).



As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con custodia compartida forman unha unidade familiar coas fillas e fillos que teñen en común.

Renda familiar. Para calcular os ingresos totais, teranse en conta todos os ingresos das persoas integrantes da unidade familiar.

Para a comprobación da renda terase en conta o último exercicio fiscal dispoñible.

A renda anual da unidade familiar será a suma do establecido na base imponible xeral e do aforro que consten na/s correspondente/ s declaración/s do IRPF do último exercicio presentado.

Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, tomaranse os datos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT.

No caso de que algún das fillas/os teña recoñecido un grado de discapacidade igual ou superior ó 33% e sexa economicamente dependente dos seus proxenitores computará como dous membros.

ARTIGO 9.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formularanse mediante instancia subscripta pola persoa interesada segundo o modelo específico para iso (ANEXO I).

Cada solicitude deberá ir cuberta na súa totalidade e acompañada da seguinte documentación:

- 1) Solicitude da axuda.
- 2) Copia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de idade.
- 3) Copia do libro de familia.
- 4) Certificado da matrícula para o curso 2024/2025 expedido polo centro educativo.
- 5) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar (última declaración da renda de todos os membros se non é conxunta ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria)
- 6) Copia do certificado que acredite o grao de discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún fillo/a da unidade familiar, se procede.
- 7) Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, Xeral de Subvencións (Asinar na solicitude).
- 8) Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do alumno/a para o que se solicita a axuda.
- 9) Acreditación da realización do gasto, coas correspondentes FACTURAS nas que figuren os conceptos.

ARTIGO 10.- LUGAR E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral da Casa do Concello de Cabanas de luns a venres en horario de 8:30 a 13:30 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará 10 días despois.

ARTIGO 11.- PAGAMENTO DAS AXUDAS

O pagamento da axuda concedida realizarase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

En determinados casos, se así o considera a comisión avaliadora previo informe dos servizos sociais comunitarios, o pagamento da axuda farase de maneira directa ao establecemento subministrador dos produtos subvencionados coa autorización por escrito da persoa beneficiaria.

En todos os casos, as facturas deberán expedirse a favor da persoa beneficiaria da axuda.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non xustificar de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa solicitude.

Se as persoas beneficiarias das axudas, non cumprisen coas obrigas establecidas nestas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ao igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non compren os requisitos para ser persoas beneficiarias de subvencións.

ARTIGO 12.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Galicia, xeral de subvencións.

ARTIGO 13.- CONFIDENCIALIDADE

Segundo o disposto Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no artigo 6.3.f da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, garantiráselle ás persoas usuarias dos servizos sociais o dereito “á confidencialidade, ao sigilo e ao respecto con relación aos seus datos persoais e coa súa información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da súa intervención profesional...”.

ARTIGO 14.- PUBLICIDADE

O concello de Cabanas dará publicidade da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal.



ANEXO I. SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2024/2025

Da./D. _____, con DNI/NIF N° _____ maior de idade, veciña/o do Concello de Cabanas, con domicilio a efectos de notificacións en _____ e N° de teléfono _____, actuando en representación da alumna/o _____, matriculada/o en _____ no centro educativo _____.

EXPÓN: Que no BOP N° _____, de data _____, aparecen publicadas as bases reguladoras de concesión de axudas ao estudo para o curso escolar 2023/2024. De conformidade co establecido no artigo 9 de ditas bases, SOLICITO que, previos aos trámites e informes que estime oportuno, acceder ao outorgamento de axuda para os gastos derivados da escolarización de fillas e fillos, para o que se achega a seguinte documentación:

- Solicitud de axuda.
- Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de idade.
- Fotocopia do libro de familia.
- Matrícula escolar o xustificante escolar para el curso 2024/2025.
- Xustificantes dos ingresos dos membros da unidade familiar (última declaración da renda de todos os membros; se non é conxunta, o certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria.
- Copia acreditativa de discapacidade /dependencia de algún membro da unidade familiar.
- Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (Sinatura na solicitude).
- Certificado de conta bancaria, da nai/pai ou titora/or da/o alumna/o para a que se solicita la axuda.
- Acreditación da realización do gasto, coas correspondentes FACTURAS nas que figuren os conceptos.

Sinatura

Cabanas, a _____ do _____ de 2024



DECLARACIÓN RESPONSABLE ACREDITATIVA DE CUMPRIR OS REQUISITOS PARA OBTENER A CONDICIÓ DE PERSOA BENEFICIARIA DE SUBVENCÍONS, ESTABLECIDOS NO ARTÍCULO 13 DE LA LEI 38/2003, DE 17 DE NOVIEMBRE, XERAL DE SUBVENCÍONS.

Da/D. _____, con DNI _____, e domicilio en _____, na localidade de _____, con código postal _____, na provincia de _____, na súa calidade de _____.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que non está inhabilitada ou incurso na prohibición para a obtención de axudas ou subvencións públicas da cordo co previsto no artigo 13.2 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas por reintegro de Subvencións, aos efectos do disposto no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e que se compromete a manter o cumprimento de ditas obrigas ata que o procedemento estea rematado.

Asinado

Cabanas, do 2024

